

Os socialistas de Guntín, Melide, Monterroso e Palas mobilízanse contra a paralización do tramo da A-54

Presentarán mocións nos concellos para protestar polas “graves consecuencias” que supón esta parálise, con dificultades nos accesos a pobos e pastizais polas obras, “nun ataque máis aos veciños e aos gandeiros destas zonas, que poden ter as súas principais vías nun estado pésimo durante catro anos máis”

O alcalde de Monterroso e os voceiros socialistas de Guntín, Melide e Palas acudiron esta mañá ao tramo da autovía Palas-Guntín para protestar contra a decisión do Goberno de paralizar as obras como mínimo durante dous anos. O anterior Goberno central deixounas adxudicadas en 2009 para que estivesen listas a finais de 2014 e agora o PP dilata a súa finalización cando menos ata 2017. “Quen sofre este desprezo dos gobernantes son os veciños, que terán que aguantar obras e toda esta desfeita catro anos máis do previsto”, lamentan, xa que á paralización por dous anos habería que sumarlle dous máis como mínimo para o remate deste treito. Para evitalo, os socialistas anunciaron que presentarán mocións nos seus concellos para esixir que Fomento reanude as obras.

Os representantes do PSdeG-PSOE na zona destacan que este tramo quedará “como unha montaña de terra, e moitas das actuacións xa feitas con ferros e diferentes materiais dentro de dous anos xa non valerán para nada” despois da paralización. “Isto é un ataque aos veciños, e tamén aos gandeiros destas zonas, que ás dificultades que xa teñen no día a día teñen que sumarlle agora o feito de ter as súas principais vías de comunicación nun pésimo estado durante todo este tempo”, xa que as obras afectan aos accesos a pobos e pastizais.

Comunicado de Fomento á Deputación provincial

As queixas veñen despois de que a Deputación provincial desvelase a paralización das obras neste tramo tras recibir un comunicado por parte do Ministerio de Fomento. O ente provincial xa anunciou que aprobará unha moción no vindeiro pleno para esixirlle a Fomento que reanude as obras, cuxa paralización deixa Lugo como “a única provincia en Galicia sen unha conexión directa coa capital compostelana, nunha nova discriminación do PP”. Nesta moción, a Deputación instará tamén ao Executivo Central a reparar “de xeito inmediato” as tres vías provinciais con danos de 200.000 euros provocados polas obras agora paradas, tendo en conta que Fomento pediulle manter o tráfico desviado polas mesmas malia os desperfectos que presentan, poñendo en perigo a seguridade dos seus viandantes. Os socialistas levaron tamén iniciativas ao Congreso para esixir a reanudación destas obras.

Lugo, 18 de febreiro de 2013